



A/A CONSELLERÍA DE FACENDA
DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA
Santiago de Compostela

ALEGACIÓNS DA CSIF AOS BAREMOS DOS PROCESOS SELECTIVOS DERIVADOS DA LEI 20/2021

Concurso – Oposición

A fase de oposición será o 60% da puntuación total.

Constará de exercicios ~~preferentemente~~ tipo test, a súa puntuación máxima será de 60 puntos.
O carácter dos exercicios da fase de oposición será NON ELIMINATORIO.

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten a posesión da titulación acreditativa do coñecemento da lingua galega deberán realizar un exercicio eliminatorio tipo test, que será cualificado como apto ou non apto.

A fase de concurso será o 40% da puntuación total.

A data de referencia dos méritos será **a data de fin do prazo para a presentación das instancias (de modo subsidiario o día da publicación no DOG da convocatoria do proceso selectivo) da entrada en vigor da Lei 20/2021, do 28 de decembro.**

Aquelas persoas aspirantes na súa solicitude ~~realizarán~~ **cumprimentaran un impreso de unha** autoavaliación, **indicando os méritos que consideren avaliábeis, de modo que o sistema de inscrición no proceso outorgará automaticamente unha puntuación inicial resultante do cómputo dos referidos méritos.** ~~puntuación máxima que consideran acreditada.~~

Os méritos se cualificarán de acordo co seguinte baremo:

1. Méritos profesionais: Ata un máximo ~~de 30 puntos~~ **32 puntos**

1.1 Servizos prestados nas diferentes AAPP. Ata un máximo de 28 puntos.

~~a) Por servizos prestados na Administración Xeral da Xunta de Galicia ou no sector público da Xunta de Galicia ou noutras Administracións Autonómicas ou outros sectores públicos autonómicos na escala ou categoría profesional, 0,1 puntos por mes ata un máximo de 30 puntos.~~

~~b) Por servizos prestados en calquera Administración Pública diferente das anteriores na escala ou categoría profesional, 0,05 puntos por mes ata un máximo de 30 puntos.~~

CSI•F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela
☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

A) Puntuacións.

a1.- Por servizos prestado no Corpo, Escala, Especialidade, Grupo ou Categoría obxecto da convocatoria ou equivalente, na Administración Xeral da Xunta de Galicia ou nos entes do sector público autonómico da Xunta de Galicia, **0,12 puntos por mes.***

a2) Por servizos prestados en outras Administracións autonómicas ou outros sectores públicos autonómicos nos Corpos, Escalas, Especialidades, Grupos ou Categorías homólogos ao convocado e sempre que sexa dentro do mesmo subgrupo (ou Grupo de non existir subgrupo) de titulación, **0,06 puntos por mes.**

a3) Por servizos prestados en calquera Administración Pública diferente das anteriores nos Corpos, Escalas, Especialidades, Grupos ou Categorías homólogos ao convocado e sempre que sexa dentro do mesmo subgrupo (ou Grupo de non existir subgrupo) de titulación, **0,03 puntos por mes**

B) **Cálculo.** Aos efectos do cálculo da puntuación dos apartados anteriores, seguiranse as seguintes regras:

- Para o cómputo dos meses, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30), empregando para o cálculo da puntuación o cociente enteiro e desprazando o decimais.
- Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.
- **O tempo máximo de servizos computable será de 20 anos.****

1.2. Réxime de acceso ao emprego público. **4 puntos.**

Ter atendido chamamento no corpo, escala, especialidade, grupo ou categoría convocada, derivado da súa inscrición en listas de substitución do Decreto 37/2006, do 2 de marzo ou Decretos precedentes (Decreto 217/2003, do 11 de abril, Decreto 89/1997, do 10 de abril ou Decreto 252/1992, do 30 de xullo e normativa concordante), así como ser chamado polo sistema de listas propias de contratación centralizada do Consorcio Galego de I+B ou ben,

Ser declarado indefinido non fixo na Administración convocante no corpo, escala, especialidade, grupo ou categoría convocada, mediante sentenza firme ou ben,

Ter accedido ao emprego público mediante un proceso selectivo para o nomeamento como persoal interino, ou para a contratación temporal como persoal laboral, do Corpo, Escala, Especialidade, Grupo ou Categoría convocado ou equivalente, pola administración autonómica galega consonte aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, ou polos sistemas de selección para persoal laboral temporal establecidos no V Convenio Colectivo Único.

CSI•F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎981 560 951 ☎981 575 140 ✉galicia@csi-f.es 🌐www.csi-f.es/ambito/galicia

1-bis. Baremo aplicable por méritos profesionais aos aspirantes ás prazas do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF): Ata un máximo de 32 puntos

1.1-bis. Servizos prestados nas diferentes AAPP. Ata un máximo de 24 puntos.

a1.- Por servizos prestado na Especialidade ou Categoría obxecto da convocatoria ou equivalente, na Administración Xeral da Xunta de Galicia ou nos entes do sector público autonómico da Xunta de Galicia no período que, como medios propios instrumentais, tiveran unha encomenda de xestión para a extinción de incendios forestais (SEAGA), ou en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no período de vixencia dos convenio anuais de colaboración subscritos coa Consellería do Medio Rural para a extinción de incendios forestais na campaña de alto risco de incendios, **0,10 puntos por mes.****

a2.- Por servizos prestados en outras Administración autonómicas ou outros sectores públicos autonómicos en Corpos, Escalas, Especialidades ou Grupos o Categorías homólogas á convocada e sempre que sexa dentro do mesmo subgrupo (ou Grupo de non existir subgrupo) de titulación, **0,05 puntos por mes.**

a3) Por servizos prestados en calquera Administración Pública diferente das anteriores en Corpos, Escalas, Especialidades ou Grupos ou Categorías homólogas á convocada e sempre que sexa dentro do mesmo subgrupo (ou Grupo de non existir subgrupo) de titulación, **0,03 puntos por mes**

1.2 (bis). Réxime de acceso ao emprego público. 8 puntos.

Ter atendido chamamento no corpo, escala, especialidade, grupo ou categoría convocada, derivado da súa inscrición en listas de substitución do Decreto 37/2006, do 2 de marzo ou polo sistema de listas do SPIF existentes con carácter previo ao Decreto 37/2006 na especialidade ou categoría obxecto da convocatoria, coa **SUPERACIÓN DA CORRESPONDENTE PROBA FÍSICA OU DE AGUDEZA VISUAL** de seren requiridas no momento do seu acceso, ou ben,

Ser declarado indefinido non fixo na especialidade ou categoría da convocatoria na Administración convocante mediante sentenza firme ou ben,

Ter accedido ao emprego público mediante un proceso selectivo para persoal temporal na Especialidade ou Categoría convocado ou equivalente, pola administración autonómica consonte aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, ou polos sistemas de selección para persoal laboral temporal establecidos no V Convenio Colectivo Único.

2. Outros méritos: Ata un máximo de ~~10 puntos~~ **8 puntos**

a) Cursos de formación: Valoraranse os cursos de formación organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), **Escola Galega de Administración Sanitaria**, a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), e as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, **Servicio Público de Emprego Estatal, Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Xunta de Galicia, cursos organizados polas consellerías no ámbito das súas competencias**, así como os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administración públicas (Afedap) e **acordos precedentes ou equivalentes (AFCAP)**.

Para cada curso de duración igual ou superior a ~~8 horas~~ **5 horas** lectivas, valorarase con **0,012** puntos cada hora de formación, ata un máximo de **1,8** puntos por curso. A puntuación máxima deste apartado será ~~2,5 puntos~~ **6 puntos**

b) Galego: coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso ata un máximo de ~~2,5 puntos~~ **2 puntos**

Celga 3 ou equivalente: 0.5 puntos.

Celga 4 ou equivalente: 1 punto

Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: ~~2 puntos~~ **1.5 puntos**

Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: ~~2,5 puntos~~ **2 puntos**.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

Aos efectos de valoración e computo dos cursos de Lingua Galega, estarase ao disposto no artigo 5º e concordantes da ORDE do 13 xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

c) Pola posesión de titulación académica igual ou superior á esixida como requisito de acceso para a escala ou categoría profesional, valorarase ~~1,25 puntos~~ **1 punto** por titulación, ata un máximo de ~~2,5 puntos~~ **2 puntos** Non se valorará a titulación achegada como requisito para o acceso.

d) Pola superación de exercicios ou probas de procesos selectivos **finalizados** nesta Administración en convocatorias ~~nos dez últimos anos ao remate do prazo de presentación de solicitudes~~ para o acceso á mesma escala ou categoría profesional ata ~~un máximo de 10 puntos, 2,5 puntos por exercicio ou proba superada~~ **un máximo de 4 puntos, 2 puntos por exercicio ou proba superada**

~~e) Por estar inscrito nas listas de contratación temporal elaboradas ao abeiro do Decreto 37/2006, e ter prestado servizos ao abeiro das mesmas na escala ou categoría profesional: 10 puntos.~~

e) Outorgaranse 0,01 puntos por mes a aquelas persoas aspirantes que estean gozando ou gozasen nos cinco anos anteriores ao remate do prazo de presentación de solicitudes dunha excedencia por coidado de fillos/as ou familiares; ou de permiso de lactación; ou de permiso por parto; ou de permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento; ou de permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, adopción ou garda con fins de adopción dun fillo ou filla. Esta circunstancia de ser o participante persoal da Administración da Xunta de Galicia incluído no ámbito de competencias da Dirección Xeral da Función Pública, apreciarase de oficio. A puntuación por este apartado non poderá superar os 0,5 puntos

5

Concurso

O proceso selectivo será o concurso.

A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 100 puntos.

Aquelas persoas que non acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso **Corpo, Escala, Especialidade, Grupo ou Categoría** profesional deberá realizar unha proba **eliminatória** tipo test, que será cualificada como apto ou non apto. A dita proba será previa ao inicio da baremación dos méritos.

A data de referencia dos méritos será a data ~~da entrada en vigor da Lei 20/2021, do 28 de Decembro~~ **de fin de prazo para a presentación de instancias do proceso selectivo (subsidiariamente CSIF admite a data de publicación no DOG da convocatoria do proceso selectivo).**

Aquelas persoas aspirantes na súa solicitude ~~realizarán~~ **cumprimentaran un impreso de unha** autoavaliación, indicando ~~a puntuación máxima~~ **os méritos que consideren avaliábeis, de modo que o sistema de inscrición no proceso outorgará automaticamente unha puntuación inicial resultante do cómputo dos referidos méritos.** ~~puntuación máxima que consideran acreditada.~~

En función do número de prazas convocadas e as puntuacións ~~indicadas~~ **obtidas** na ~~autoavaliación unicamente poderán baremarse~~ **avaliación inicial** avaliaranse nun primeiro momento unicamente aquelas solicitudes que dada a súa puntuación sexan susceptibles de obter unha das prazas en aras de axilizar o proceso.

A estes efectos considerase que o número mínimo de solicitudes a avaliar será do dobre das prazas convocadas.

Se tras a avaliación inicial e trala comprobación por parte do órgano de selección dos méritos alegados, resultase que existen solicitudes incorrectamente puntuadas, o órgano de selección procederá a comprobación da puntuación de novas solicitudes ata que queden correctamente avaliadas un número de aspirantes que acaden o dobre das prazas convocadas.

Os méritos cualificaranse do seguinte xeito:

1. Méritos profesionais: Ata un máximo de ~~60 puntos~~. **80 puntos**.

1.1 Servizos prestados nas diferentes AAPP. Ata un máximo de 70 puntos.

~~a) Por servizos prestados na Administración Xeral da Xunta de Galicia ou no sector público da Xunta de Galicia ou noutras Administracións Autonómicas ou outros sectores públicos autonómicos na escala ou categoría profesional, 0,2 puntos por mes ata un máximo de 60 puntos.~~

~~b) Por servizos prestados en calquera Administración Pública diferente das anteriores na escala ou categoría profesional, 0,1 puntos por mes ata un máximo de 60 puntos.~~

A) Puntuacións.

a1.- Por servizos prestado no Corpo, Escala, Especialidade, Grupo ou Categoría obxecto da convocatoria ou equivalente, na Administración Xeral da Xunta de Galicia ou nos entes do sector público autonómico da Xunta de Galicia, **0,25 puntos por mes.***

a2) Por servizos prestados en outras Administracións autonómicas ou outros sectores públicos autonómicos en Corpos, Escalas, Especialidades, Grupos o Categorías homólogos ao convocado e sempre que sexa dentro do mesmo subgrupo (ou Grupo de non existir subgrupo) de titulación, **0,13 puntos por mes.**

a3) Por servizos prestados en calquera Administración Pública diferente das anteriores en C Corpos, Escalas, Especialidades, Grupos o Categorías homólogos ao convocado e sempre que sexa dentro do mesmo subgrupo (ou Grupo de non existir subgrupo) de titulación, **e 0,07 puntos por mes**

B) **Cálculo.** Aos efectos do cálculo da puntuación dos apartados anteriores, seguiranse as seguintes regras:

- Para o cómputo dos meses, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30), empregando para o cálculo da puntuación o cociente enteiro e desprazando o decimais.
- Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.
- **O tempo máximo de servizos computable será de 24 anos.****

CSI•F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

1.2. Réxime de acceso ao emprego público. **10 puntos.**

Ter atendido chamamento no corpo, escala, especialidade, grupo ou categoría convocada, derivado da súa inscrición en listas de substitución do Decreto 37/2006, do 2 de marzo ou Decretos precedentes (Decreto 217/2003, do 11 de abril, Decreto 89/1997, do 10 de abril ou Decreto 252/1992, do 30 de xullo e normativa concordante), así como ser chamado polo sistema de listas propias de contratación centralizada do Consorcio Galego de I+B ou ben,

Ser declarado indefinido non fixo na Administración convocante no corpo, escala, especialidade, grupo ou categoría convocada, mediante sentenza firme ou ben,

Ter accedido ao emprego público mediante un proceso selectivo para o nomeamento como persoal interino, ou para a contratación temporal como persoal laboral, do Corpo, Escala, Especialidade, Grupo ou Categoría convocado ou equivalente, pola administración autonómica galega consonte aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, ou polos sistemas de selección para persoal laboral temporal establecidos no V Convenio Colectivo Único.

1-bis. Baremo aplicable por méritos profesionais aos aspirantes ás prazas do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF): Ata un máximo de 80 puntos

1.1-bis. Servizos prestados nas diferentes AAPP. Ata un máximo de 60 puntos.

A) Puntuacións.

a1.- Por servizos prestado na Especialidade ou Categoría obxecto da convocatoria ou equivalente, na Administración Xeral da Xunta de Galicia ou nos entes do sector público autonómico da Xunta de Galicia no período que, como medios propios instrumentais, tiveran unha encomenda de xestión para a extinción de incendios forestais (SEAGA), ou en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no período de vixencia dos convenio anuais de colaboración subscritos coa Consellería do Medio Rural para a extinción de incendios forestais na campaña de alto risco de incendios, **0,20 puntos por mes.***

a2.- Por servizos prestados en outras Administración autonómicas ou outros sectores públicos autonómico en Corpos, Escalas, Especialidades ou Grupos o Categorias homólogos ao convocado e sempre que sexa dentro do mesmo subgrupo (ou Grupo de non existir subgrupo) de titulación, **0,10 puntos por mes.**

a3) Por servizos prestados en calquera Administración Pública diferente das anteriores en Corpos, Escalas, Especialidades ou Grupos ou Categorias homólogos ao convocado e sempre que sexa dentro do mesmo subgrupo (ou Grupo de non existir subgrupo) de titulación, **e 0,05 puntos por mes**

B) Cálculo: Aos efectos do cálculo da puntuación dos apartados anteriores, seguiranse as seguintes regras específicas:

- **O tempo máximo de servizos computable será de 20 anos.****

1.2-bis. Servizos prestados nas diferentes AAPP. 20 puntos.

Ter atendido chamamento derivado da súa inscrición en listas de substitución do Decreto 37/2006, do 2 de marzo ou polo sistema de listas do SPIF existentes con carácter previo ao Decreto 37/2006 na especialidade ou categoría obxecto da convocatoria, coa **SUPERACIÓN DA CORRESPONDENTE PROBA FÍSICA OU DE AGUDEZA VISUAL** de seren requiridas no momento do seu acceso, ou ben,

Ser declarado indefinido non fixo na especialidade ou categoría obxecto da convocatoria na Administración convocante mediante sentenza firme ou ben,

Ter accedido ao emprego público mediante un proceso selectivo para persoal temporal na Especialidade ou Categoría convocado ou equivalente, pola administración autonómica consonte aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, ou polos sistemas de selección para persoal laboral temporal establecidos no V Convenio Colectivo Único

2. Outros méritos: Ata un máximo de ~~40 puntos~~ 20 puntos.

a) Cursos de formación: Valoraranse os cursos de formación organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), **Escola Galega de Administración Sanitaria**, a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), e as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, **Servicio Público de Emprego Estatal**, **Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Xunta de Galicia**, cursos organizados polas consellerías no ámbito das súas competencias, así como, os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap) e **acordos precedentes ou equivalentes (AFCAP)**.

Para cada curso de duración igual ou superior a ~~8 horas~~ **5 horas** lectivas, valorarase con ~~0,01 puntos~~ **0.03 horas** cada hora de formación, ata un máximo de ~~1,5 puntos~~ **4.5 puntos** por curso. A puntuación máxima deste apartado será **15 puntos**.

b) Galego: coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso ata un máximo de **5 puntos**.

Celga 3 ou equivalente: 2 puntos

Celga 4 ou equivalente: 3 puntos

Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: 4 puntos

Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 5 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

Aos efectos de valoración e computo dos cursos de Lingua Galega, estarase ao disposto no artigo 5º e concordantes da ORDE do 13 xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

c) Pola posesión de titulación académica igual ou superior á esixida como requisito de acceso para a escala ou categoría profesional, valorarase 2,5 puntos por titulación, ata un máximo de **5 puntos**. Non se valorará a titulación achegada como requisito para o acceso.

d) Pola superación de exercicios ou **probas** de procesos selectivos **finalizados** nesta Administración en convocatorias ~~nos dez últimos anos ao remate do prazo de presentación de solicitudes~~ para o acceso á mesma escala ou categoría profesional ata un máximo de 10 puntos, 5 puntos por exercicio ou **proba superada**.

~~e) Por estar inscrito nas listas de contratación temporal elaboradas ao abeiro do Decreto 37/2006, e ter prestado servizos ao abeiro das mesmas na escala ou categoría profesional: 10 puntos.~~

e) Outorgaranse 0,01 puntos por mes a aquelas persoas aspirantes que estean gozando ou gozasen nos cinco anos anteriores ao remate do prazo de presentación de solicitudes dunha excedencia por coidado de fillos/as ou familiares; ou de permiso de lactación; ou de permiso por parto; ou de permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento; ou de permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, adopción ou garda con fins de adopción dun fillo ou filla. Esta circunstancia de ser o participante persoal da Administración da Xunta de Galicia incluído no ámbito de competencias da Dirección Xeral da Función Pública, apreciarase de oficio. A puntuación por este apartado non poderá superar os **0,5 puntos**

3. CRITERIOS DE DESEMPATE.

No caso de existir empate entre varios aspirantes, o mesmo resolverase mediante a aplicación sucesiva dos seguintes criterios .

1º A puntuación obtida polo aspirante na aplicación da punto a1 da Base 1.1 do Baremo. (sen ter en conta o limite regulado no punto b3 do referido baremo)

2º A antigüidade na Administración Publica.

3º A puntuación obtida polo aspirante na aplicación da Base 2.1 a) do Baremo.

4º A puntuación obtida polo aspirante na aplicación da Base 2.1 d) do Baremo.

5º No caso de existir infrarepresentación no Corpo, Escala, Especialidade, Grupo ou Escala Convocado, darase prioridade ao sexo feminino sobre o masculino.

6º A idade do aspirante, sendo preferido o de maior idade ao de menor idade.

7º Sorteo

Notas

* A este respecto a Administración deberá fixar os termos de puntuación no sector público autonómico. A postura de CSIF é que os entes que xeren prazas para as convocatorias amparadas por este baremo deberán puntuar en igualdade de condicións os servizos prestados nos mesmos. Os entes que non xeren prazas para este proceso, deberán puntuar segundo o seu propio baremo específico, tendo en conta que ditos procesos EN NINGÚN CASO PODERÁN SERVIR PARA ADQUIRIR A CONDICIÓN DE FUNCIONARIO DE CARRERA da XUNTA e unicamente serviran para adquirir a condición de persoal laboral fixo do ente convocante.

** Respecto de limite máximo dos servizos prestados, compre salientar que dito limite máximo esta directamente relacionado coas puntuacións outorgadas nos correspondentes “items” pola prestación de diferentes servizos nas AAPP

Consecuentemente, se existen cambios nas devanditas puntuacións ou no relativo ás proporcións existentes entre os diversos “items”, iso implicará necesariamente un cambio correlativo nos limites máximos de anos de servizos prestados.

*** Terá que procederse a un estudo sobre a circunstancia de puntuar exercicios ou probas de procesos selectivos, naqueles Corpos, Escalas, Especialidades, Grupos ou Categorías onde non se convocaron ditos procesos selectivos.